

II Circuito Deputación probas en pista 2024

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña, o “II Circuito de atletismo de probas en pista da Provincia da Coruña”, a celebrar nas seguintes datas:

16 de novembro	Santiago de Compostela
30 de novembro	A Coruña
15 de decembro	Ferrol

Art.2).- Participación

Poderán participar atletas pertencentes a clubs da Provincia da Coruña e con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, establecéndose como categoría de participación a que lles corresponda para a tempada 2025:

Sub 14 nados en 2012 e 2013

Sub 12 nados en 2014 e 2015

Sub 10 nados en 2016 e 2017

- **En cada xornada, cada atleta poderá participar nun máximo de dúas probas, das cales unha será unha carreira e a outra un concurso.**
- **No caso de ter que acoutar a participación, por mor dunha elevada inscrición, aceptárase como mínimo a un atleta por entidade.**

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata as 20:00 horas do luns anterior á proba.

- **Naqueles atletas inscritos en máis dunha proba, indicárase no campo de Observacións, na inscrición, a orde de preferencia de cada proba da seguinte maneira:**
 - **“P1”**
 - **“P2”**
 - **...**

Art.4).- Comunicación de baixas

As baixas comunicaranse remitindo un correo a servizos@atletismo.gal, con prazo límite ata as 12:00 horas do mércores anterior á proba.

Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais realizaranse 3 intentos.

Art.6).- Táboas e cadencias

- **Tódalas categorías saltarán dende táboa a 1 metro.**
- **Cadencias pendentes de publicación.**
 - **Non se realizará desempate polo primeiro posto.**
 - **O gañador de cada proba deberá seguir a cadencia establecida.**

Art.7).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito.

- **Os dorsais entregaranse por club, debendo recollelos o seu delegado.**
- **Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.**

Art.8).- Horario da 1ª Xornada.

HORA	Carreira	Categoría	Altura	Lonxitude	Peso
16:30	500	Sub 10 Homes	Sub 12 Homes	Sub 14 H-M A	Sub 12 Mulleres
16:45	500	SUB 10 Mulleres			
17:00	500	Sub 14 Homes			
17:15	500	SUB 14 Mulleres			
17:30	50	SUB 10 Homes	Sub 12 Mulleres	Sub 14 H-M B	Sub 10 Mulleres
18:00	50	SUB 10 Mulleres			
18:30	60	SUB 12 Homes	Sub 10 Homes	Sub 12 H-M A	Sub 10 Homes
19:00	60	SUB 12 Mulleres			
19:30	60	Sub 14 Homes	Sub 10 Mulleres	Sub 12 H-M B	Sub 12 Homes
20:00	60	SUB 14 Mulleres			

Art 9).- Premios

O acto de entrega de premios do circuío realizarase no mes de febreiro.

- **Clasificación individual**

Entregaranse trofeos por proba, categoría e sexo, ós atletas que acaden as tres mellores marcas ó termo do circuío. En caso de empate, resolverase segundo enfrontamentos directos e, en caso de persistir, terase en conta a segunda mellor marca feita no circuío.

- **Clasificación por clubs**

Entregaranse trofeos ós 3 clubs que totalicen maior puntuación entre tódalas probas, categorías e sexos.

Outorgaranse 10 puntos ó primeiro clasificado do ránking final de cada proba , 9 puntos ó segundo, e así sucesivamente ata asignar 1 punto ó décimo.

Cada atleta só poderá sumar para o seu club as súas dúas mellores puntuacións. O 11º non levará puntuación, malia que un atleta que lle preceda non puntúe nesa proba por puntuar mellor noutras dúas.



**Federación Galega
de Atletismo**



**Deputación
DA CORUÑA**

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 31 de outubro de 2024